O alcalde di que se vai abster se se fai esa emenda e sinala que son tradicións arraigadas.

Interrompe o Sr. Santiago Lema.

O alcalde pide que fale cando teña o uso da palabra. Continúa dicindo que non é problema, como dixo o concelleiro de APIN, porque os mariñeiros honran á súa patroa igualmente. O día grande en Ponteceso é luns da Barquiña e hai moitas gañas de celebrala no 2022. Non sabe o que opinan o resto de concelleiros.

O Sr. Santiago Lema está dacordo coa proposta do PP. Sinala que nas 14 parroquias do municipio teñen mariñeiros e parécelle unha boa proposta para todos.

O Sr. Eiroa Ameijenda di que vai ter que darlle a razón a Pose Verdes en que o alcalde veu de Ferrol e non entende de festas.

Sométese a votación a emenda do grupo municipal do PP, quedando o apartado primeiro nos seguintes termos:

Primeiro.- *Propoñer á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia os festivos locais no Concello de Ponteceso para o ano de 2022 que serán os seguintes: 16 de xullo e 13 de setembro de 2022.*

Votos a favor: oito (3 G.M. do PP, 4. G.M. non adscritos. 1 G.M. APIN)

Votos en contra: ---

Abstencións: tres do G.M. PsdeG-PSOE

Polo que o Pleno ACORDA:

Primeiro.- *Propoñer á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia os festivos locais no Concello de Ponteceso para o ano de 2022 que serán os seguintes: 16 de xullo e 13 de setembro de 2022.*

Segundo.- *Remitir este acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia aos efectos establecidos no artigo 37.2 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores o no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo.*

6º. Dación da conta da aprobación da Liquidación do exercicio 2020: expediente número 2021/G003/000369

Dase conta do Decreto núm. 349/2021, de data 03/06/2021, que literalmente di:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN LIQUIDACIÓN EJERCICIO 2020

EXPEDIENTE: 2021/G003/000369

ANTECEDENTES:

- *Estados contables correspondentes á liquidación 2020.*
- *Providencia de alcaldía de 24.04.2021*
- *Informe de intervención referencia LMR liq20/2021, de 28.05.2021.*
- *Informe de intervención referencia LMR estabilidade orzamentaria liq20/2021 de 31.05.2021*
- *Informe de intervención referencia LMR regra gasto liq20/2021 de 03.06.2021*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais (TRLFL).*
- *RD 500/90, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario.*

Por todo o anterior, RESOLVO:

PRIMEIRO.- *Aprobar á liquidación do orzamento do exercicio 2020 que presenta o resume seguinte:*

INGRESOS ORZAMENTO CORRENTE

INGRESOS	PREV. INICIAIS	MODIFIC.	PREV. DEFINITIV.	DR. NETOS	RECADAC. NETA
1.- Impostos directos	1.680.894,09	0,00	1.680.894,09	1.358.217,44	1.358.217,44
2.- Impostos indirectos	73.518,58	0,00	73.518,58	68.655,37	68.655,37
3.- Taxas e outros ingresos	786.129,89	0,00	786.129,89	403.508,14	365.581,02
4.- Transf. Correntes	2.045.903,83	472.646,78	2.518.550,61	2.741.919,81	2.741.919,81
5.- Ing. Patrimoniais	134.579,78	0,00	134.579,78	17.064,89	17.064,89
6.- Enaxenación de investimentos reais	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
7.- Transf. Capital	2.338.792,3	721.793,19	3.060.585,58	434.857,53	434.857,53
8.- Activos financeiros	11.610,00	884.740,16	896.350,16	0,00	0,00
9.- Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	7.071.428,56	2.079.180,13	9.150.608,69	5.024.223,18	4.986.296,06

INGRESOS ORZAMENTOS PECHADOS INGRESOS:

PTE COBRO 01/01/2020	RECTIFICAC. SALDO INIC.	DEREITOS ANULADOS	DEREITOS CANCELADOS	RECAUDACIÓN	PTE COBRO 31/12/2020
77.841,10	0	0	0	0	77.841,10

GASTOS ORZAMENTO CORRENTE:

Gastos	Cdtos. Iniciais	Modific.	Cdtos. Definit.	O.R.N	Pagos*
1.- G. pessoal	2.048.245,83	88.051,60	2.136.297,43	1.942.512,13	1.899.903,52
2.- G. bens ctes	1.962.370,64	431.356,56	2.393.727,20	1.976.847,57	1.972.364,67
3.- G. financeir	19.600,00	0,00	19.600,00	15.619,05	15.619,05
4.- Transf. correntes	108.280,80	125.003,82	233.284,62	90.149,53	88.524,62
6.- Invers. Reais	2.831.321,29	1.434.768,15	4.266.089,44	1.129.740,27	1.129.740,27
7.- Transf. capital	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
8.- Activ. financ.	11.610,00	0,00	11.610,00	0,00	0,00
9.- Pasiv. Financ.	90.000,00	0,00	90.000,00	0,05	0,05
Total	7.071.428,56	2.079.180,13	9.150.608,69	5.154.868,60	5.106.152,18

*Pagos líquidos.

GASTOS ORZAMENTO PECHADO

PTE PAGO 01/01/2020	MOD. SALDO INI E ANULACIONES	TOTAL OBRIGAS	OBRIGAS PRESCRITAS	PAGOS REALIZADOS	PTE PAGO 31/12/2020
281.802,25	0	281.802,25	0	146.386,60	135.415,65

RESULTADO ORZAMENTARIO

CONCEPTOS	DERECHOS RECONOCIDOS NETOS	OBLIGACIONES RECONOCIDAS NETAS	RESULTADO PRESUPUESTARIO
a. Operaciones corrientes	4.589.365,65	4.025.128,28	
b) Operaciones de capital	434.857,53	1.129.740,27	
1. Total operaciones no financieras (a+b)	5.024.223,18	5.154.868,55	
c) Activos financieros	0	0	
d) Pasivos financieros	0	0,05	
2. Total operaciones financieras (c+d)	0	0,05	

I. RESULTADO PRESUPUESTARIO DEL EJERCICIO (I=1+2)	5.024.223,18	5.154.868,60	- 130.645,42
AJUSTES AL RESULTADO PRESUPUESTARIO			
3. Créditos gastados financiados con remanente de tesorería para gastos generales	417.995,68		
4. Desviaciones de financiación negativas del ejercicio	452.681,59		
5. Desviaciones de financiación positivas del ejercicio	414.011,72		
II. TOTAL AJUSTES (II=3+4-5)	456.665,55		
RESULTADO PRESUPUESTARIO AJUSTADO (I+II)		326.020,13	

REMANENTE DE TESOURERIA:

1. Fondos líquidos		1.185.253,34
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c)		139.294,33
2.a. Do orzamento corrente	37.927,12	
2.b. De orzamentos pechado	77.841,10	
2.c. De operacións non orzamentarias	23.526,11	
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c)		416.420,05
3.a. Do orzamento corrente	48.716,42	
3.b. De orzamentos pechados	135.415,65	
3.c. De operacións non orzamentarias	232.287,98	
4. Partidas pendentes de aplicación (4.b – 4.a)		-139.849,00
4.a. Cobros realizados pendentes aplicación definitiva	143.238,00	
4.b. Pagos pendentes de aplicación definitiva	3.389,00	
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL		768.278,62
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		64.591,29
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO		30.120,41
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS		673.566,92

REMANENTES DE CRÉDITO

REMANENTES COMPROMETIDOS			REMANENTES NO COMPROMETIDOS		
INCORPORABLES	NO INCORPORABL	TOTAL	INCORPORABLES	NO INCORPORABL	TOTAL
646.652,01	3.258,76	649.910,77	2.870.446,68	475.382,64	3.345.829,32

SEGUNDO.- En cumprimento do art. 193.4 do Real decreto legislativo 2/2004, dar conta ao Pleno da Corporación da presente liquidación na primeira sesión que celebre

TERCEIRO.- Enviar copia da mesma aos órganos competentes da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, en cumprimento do disposto nos artigos 193.5 do Real decreto legislativo 2/2004, e 91 do Real decreto 500/90.(...)"

O Pleno dáse por enterado.

7º. Dación de conta das resolucións da alcaldía, desde exp: 2021/G003/000349 do 25/05/2021 ata exp:2021/G003/000497 do 21-07-2021.

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta ós concelleiros das Resolucións da Alcaldía desde exp: 2021/G003/000349 do 25/05/2021 ata exp:2021/G003/000497 do 21-07-2021, que estiveron a disposición dos concelleiros dende a data de convocatoria do pleno.

O Pleno dáse por enterado.

8°. Dación de conta do informe do secretario accidental, de data 24-06-2021, respecto das mocións presentadas no Pleno do 31-05-2021.

Transcríbese literalmente o informe emitido en data 24-06-2021:

“INFORME DE SECRETARÍA

ASUNTO: MOCIÓN PRESENTADAS NO ÚLTIMO PLENO ORDINARIO DE DATA 31-05-2021.

1. MOCIÓN E A SÚA CUALIFICACIÓN

A Lei 11/1999, do 21 de abril, modificou o artigo 46.2.e) da Lei 7/1985, dando lugar á confusión ao permitir a formulación de mocións en referencia á función de control do Pleno; este artigo dispón:

“Nos plenos ordinarios a parte dedicada ao control dos demais órganos da Corporación deberá presentar sustantividade propia e diferenciada da parte resolutiva, debéndose garantir de forma efectiva no seu funcionamento e, no seu caso, na súa regulación, a participación de todos os grupos municipais na formulación de rogos, preguntas e mocións.”

En principio para fixar o significado do termo “moción” deberíamos acudir ás previsións dos artigos 97.3 e 91.4 do ROF, entendendo por tal aquela proposta –oral ou escrita– que se somete directamente a coñecemento do Pleno nas sesións ordinarias, antes de pasar á quenda de rogos e preguntas, tras concluír, o exame dos asuntos incluídos expresamente na orde do día–, e previa declaración de urxencia (motivada) por maioría absoluta (artigo 83 do ROF).

A reforma acontecida na lexislación básica en 1999, veu crear unhas mocións que a doutrina vén considerar como mocións non resolutivas, carentes de eficacia vinculante para os órganos administrativos competentes para tomar a decisión, e dentro destas a moción declarativa é aquela proposta de acordo que se somete ao Pleno para que manifieste a súa vontade sobre unha determinada cuestión, e que non implica a emisión dun acto administrativo con efectos xurídicos sobre o funcionamento da Administración ou cara a terceiros. As declaracións institucionais son declaracións que aproba o Pleno da Corporación ante sucesos de especial relevancia na vida local ou noutros ámbitos supramunicipais, autonómicos ou nacionais

Neste sentido para distinguir entre mocións resolutivas e o resto de mocións do artigo 97.3 do ROF é clarificadora a “Recomendación” do Valedor do Pobo, Expte. N.7. Q/290/16, do que podemos destacar o seguinte:

“.....En canto o procedemento é necesario facer mención a que si os asuntos a tratar nas mocións requiren informe preceptivo de Secretaría ou Intervención, e non puideran emitirse no acto, deberán solicitar do Presidente que aprace o seu estudo quedando sobre a mesa ata a próxima sesión (artigo 92.2 do ROF).

*En canto ós rogos (art. 97.6 del ROF), defínense como **a formulación dunha proposta de actuación dirixida a algún dos órganos de goberno municipal.***

1º.- Instrumentación das propostas de actuación dos grupos municipais dirixidas aos órganos de goberno local.

A redacción do artigo 97.1.2, do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais (ROF), de 28 de novembro de 1986, configura dúas modalidades, segundo que a proposta se presente antes ou despois da convocatoria da sesión plenaria ordinaria.

O apartado 1 define a proposición como a proposta que se somete ao pleno en relación con un asunto incluído na orde do día da convocatoria e cuxa resolución é competencia plenaria.

No apartado segundo configúrase a moción como a proposta que se somete directamente ao coñecemento do pleno, ao abeiro do disposto no artigo 91.4 do ROF. Ou sexa por razóns de urxencia, respecto a un asunto non incluído na orde do día e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Sobre a devandita instrumentación regulamentaria, incidiu a modificación aprobada do artigo 46, apartado 2, letra e) da Lei 11/1999, de 21 de abril: “En los plenos ordinarios la parte dedicada al control de los demás órganos de la Corporación deberá presentar sustantividade propia e diferenciada de la parte resolutiva, debíndose garantir de forma efectiva en su funcionamiento y, en su caso, en su regulación, la participación de todos los grupos municipales en la formulación de ruegos, preguntas y mociones.”

A modificación legal invocada estruturou a Orde do día de desenvolvemento das sesións plenarias ordinarias. Dícese que nos plenos ordinarios haberá que distinguir entre unha parte resolutoria doutra que non leva este carácter e que, ademais dentro desta último incluírase rogos, preguntas e tamén mocións.

2º.- Existencia de dous tipos de mocións nas sesións plenarias ordinarias.

En primeiro lugar e no debate plenario da corporación municipal, haberá que incluír as mocións tipificadas como resolutorias previstas no artigo 97.3 do ROF, sempre que reúnan os seguintes requisitos:

- Non figurar na orde do día da convocatoria do pleno.
- Tratar sobre asuntos que sexan de competencia municipal plenaria.

Tendo en conta o anterior e realizando unha análise do acordo proposto a adoptar na moción de urxencia citada; podemos concluír que, como queira que se solicita instar o goberno para que inclúa no Plan Provincial unha serie de obras, e tendo en conta que é competencia da Alcaldía segundo o artigo 21.1.d) da Lei de Bases de Réxime Local “d) Dirigir, inspeccionar e impulsar los servicios y obras municipales”, realmente trátase dunha proposta de actuación dirixida ó Alcalde para que impulse ditas obras mediante a súa inclusión no Plan Provincial, polo que entraría máis ben no concepto de rogo e non de moción, debendo tratarse como tal. De feito tal cuestión foi tratada no pleno extraordinario de data 7-3-2016 reconducíndose a un rogo.

As mocións someteranse ao coñecemento do pleno polo trámite de urxencia e antes da quenda de rogos e preguntas, para o cal deberá apreciarse e motivar de xeito suficiente a urxencia da necesidade do seu debate e votación.

En segundo lugar, e na parte da convocatoria reservada a actos municipais de control e fiscalización da actuación dos órganos de goberno local, hai que cualificalas denominadas mocións non resolutorias, tendo en conta o preceptuado no citado artigo 46.2 e) da LBRRL, o parecer da doutrina científica e unha incipiente xurisprudencia, dentro da cal anotamos a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña de 10 de xaneiro de 2002, a cal no seu Fundamento Xurídico Cuarto, sinala;

“... se colige que la iniciativa de los grupos municipales tendente al debate y votación de asuntos en el pleno, encuentra una distinción, según que la propuesta se presente antes o después de la convocatoria del pleno, pues en el primer supuesto estaremos ante propuestas de resolución, mientras que en el segundo caso se hablará de mociones.....”.

“Las propuestas de resolución presentadas, en la medida en que afectan a cuestiones de interés municipal, no escapan a la competencia del ayuntamiento, cuanto menos a los efectos de su debate y análisis en el seno del mismo. Sin embargo, no pueden confundirse las competencias que correspondan al ayuntamiento, como administración pública, con las que competen a cada uno de los órganos de aquel..... ahora bien la ley 11/1999, de 21 de abril, de modificación de la Ley 7/1985, de 2 de abril, ha acometido una nueva distribución de competencias entre el Pleno y el Presidente de la Corporación, clarificando las de aquel órgano e incrementando las del Presidente, reforzándose en contrapartida las funciones de control por parte del Pleno, tal y como se infiere de la propia expresión de motivos de la propia ley”.

3º.- Órgano competente para a cualificación das mocións non resolutorias.

Se temos en conta o disposto nos artigos 81.1 b) e 82 do ROF, corresponde ao alcalde, asistido do secretario, a facultade de cualificar as mocións como non resolutorias e determinar –na súa condición de presidente e director do desenvolvemento da sesión corporativa municipal, nos termos previstos nos artigos 21.1 c) da LBRRL e 24 a) do texto refundido da Lei de Réxime local 781/1986- a súa tramitación en función das seguintes características:

a) O asunto ou proposta, pode non estar sometido a competencia da administración local (declaracións institucionais ou reclamacións ante a Unión Europea, a xustiza, a organización da comunidade autónoma...). Incluso sendo as cuestións de competencia municipal, pode acontecer que non son materias reservadas ao pleno, senón atribuídas a outros órganos de goberno.... xunta de goberno local, alcaldía.....

b) Pola súa natureza e de conformidade co artigo 46.2 e) da LBRRL, debe ser obxecto de debate.

c) No suposto de someterse a votación, dado que o acordo non é resolutorio, non semella que sexa necesario. E mais, de producirse a súa votación, carece de eficacia xa que non pode crear ou modificar dereitos subxectivos, impoñer unha obriga á administración municipal ou esixir o seu cumprimento na vía xurisdiccional.

d) E a súa tramitación en xeral, é semellante a dun rogo, aínda que se diferencie polo seu contido material.

CONCLUSIÓN

Dadas as dificultades prácticas para distinguir entre mocións do artigos 97.3 do ROF e mocións, do artigo 46.2.e) da LBRRL, esta Institución formula ao Concello de Pontareas, no exercicio das funcións atribuídas polo artigo 22.1 da Lei autonómica 6/1984, do 5 de xuño, reguladora do Valedor do Pobo a seguinte RECOMENDACIÓN;

Consideramos oportuno que, mediante un acordo plenario de carácter xeral sobre a organización administrativa do ente local, ou ben e se é o caso, mediante a modificación do seu regulamento orgánico, se estableza:

1) Que os grupos municipais precisen, de xeito claro, nos seus escritos de presentación de mocións, se son resolutorias –ao abeiro do artigo 97.3 en relación co 91.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)- ou non resolutorias - do artigo 46.2.e) da LBRRL- debéndose xustificar a urxencia da moción e o título invocado para a súa aprobación plenaria.

2) Que nas ordes do día da convocatoria das sesións plenarias ordinarias, se reserve unha parte adicada ao control dos órganos de goberno da corporación municipal, con substantividade de seu e diferenciada da parte resolutoria.

3) Que o Sr. Alcalde, asistido do Secretario, cualifique as devanditas mocións non resolutorias ou que determine a súa tramitación como rogos, garantindo a participación de todos os grupos municipais en relación co número máximo de mocións non resolutorias a debater en cada sesión plenaria ou ordinaria.”

2. TRATAMENTO DAS MOCIÓNS DE URXENCIA CANDO A COMPETENCIA NON ESTÁ ATRIBUÍDA AO PLENO.

A) Moción de urxencia que se somete ao Pleno, no cal a competencia está atribuída á Alcaldía e non ao Pleno.

Moción de urxencia, é unha proposta que se somete directamente a coñecemento do Pleno ao amparo do previsto no artigo 91.4 de ROF, que poderá formularse por escrito ou oralmente, artigo 46.2 da LBRRL, que ten un tratamento legal específico e diferenciado. Dispón o citado precepto que nas sesións ordinarias, concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas, o Presidente preguntará se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas. Se así for, o Portavoz do grupo que a propón xustificará a urxencia da moción e o Pleno votará, acto seguido, sobre a procedencia do seu debate. Se o resultado da votación fose positivo seguirase o procedemento previsto no artigo 93 e seguintes do ROF.

Considérase viable que o Alcalde non permita a votación en asunto que non é de competencia do Pleno, pois a competencia é un requisito de legalidade dos actos administrativos, e existe a obrigación de respectar a distribución competencial entre os distintos órganos do Concello. Por iso, unicamente as cuestións que sexan da competencia do Pleno deberían ser materia de debate e votación

por parte deste, podendo o Alcalde denegar a inclusión de propostas que se formulen por esta vía de urxencia viciadas de incompetencia, previo asesoramento do Secretario Municipal.

Esta decisión do Alcalde de denegar a inclusión fundamentárase en razóns de legalidade do artigo 34 da LPACAP, en concreto, por non ser o Pleno o órgano municipal competente para a adopción do acordo, e do exercicio da facultade que conleva determinar os puntos da Orde do día. Neste sentido as SS do TS do 16 de decembro de 1986 e do 14 de setembro de 2001 e do TSJ de Cataluña do 10 de xaneiro de 2002.

Un posible argumento fronte á declaración de “urxencia” consiste en demostrar que por esa vía preténdese privar indirectamente á Alcaldía dalgunha das súas competencias.

Neste sentido o Tribunal Supremo, na súa Sentenza do 17 de febreiro de 2004, RJ 2004/1524:

“aínda que é certo que a declaración de urxencia dunha moción corresponde ao Pleno, como a Sala de Instancia refire e prescribe o artigo 97.3 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, con todo o que o Pleno declarase a urxencia das mocions iso non impide o que se poida e deba analizar se o contido das mesmas é ou non competencia do Pleno, ou do Alcalde, pois se a competencia para as mesmas está atribuída ao Alcalde, non se podían nin se poden en Pleno analizar tales mocions, aínda que fosen declaradas urxentes, pois a posibilidade das mocions de urxencia a que se refire o artigo 97 citado o son só e exclusivamente para aquelas cuestións que sexan da competencia do Pleno e por tanto non se poden utilizar para privar ao Alcalde das súas competencias”.

A falta de regulamento orgánico, derogado na sesión ordinaria celebrada polo Pleno o pasado día 29 de marzo de 2021, o Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, no seu artigo 97, define os seguintes termos sobre a intervención dos membros da Corporación:

“3. Moción, é a proposta que se somete directamente a coñecemento do Pleno ao amparo do previsto no artigo 91.4 deste Regulamento. Poderá formularse por escrito ou oralmente.

(...)

6. Rogo, é a formulación dunha proposta de actuación dirixida a algúns dos órganos de goberno municipal. Os rogos formulados no seo do Pleno poderán ser debatidos, pero en ningún caso sometidos a votación.

(...).”

Tratando por tanto a moción sobre un asunto cuxa competencia corresponda á Alcaldía, entenderase a moción como non vinculante, como unha manifestación do Pleno a modo de rogo á Alcaldía, a quen corresponde a adopción da resolución definitiva, que poderá separarse da consideración do Pleno, quedando no ámbito da responsabilidade política do Alcalde tal decisión.

Dentro desta concepción, unha moción como as formuladas no último pleno e cuxa competencia e decisión corresponda a outro órgano administrativo, a Alcaldía, deben ser cualificadas como rogos e así desviadas a este punto da sesión, conforme ao art. 97.6 do ROF, tal como informou a secretaria municipal na dilixencia incorporada á moción presentada no Pleno ordinario de 29-03-2021, sobre a cesión dun local municipal a concelleiros da Corporación.

B) Atribuída a competencia ao Alcalde, sométese a votación a moción e adóptase o acordo.

Como principio de carácter xeral do noso dereito, e que se atopa positivizado no artigo 8.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, LRJSP, “A competencia é irrenunciable e exercerase polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, salvo os casos de delegación ou avocación, cando se efectúen nos termos previstos nesta ou outras leis.”, sendo a súa infracción unha causa de nulidade de pleno dereito ou de anulabilidade, segundo os casos, arts. 47 e 48 da Lei 39/2015, LPACAP.

Tal como recolle o Valedor do Pobo na Recomendación Expte. N.7. Q/290/16, “E mais, de producirse a súa votación, carece de eficacia xa que non pode crear ou modificar dereitos subxectivos, impoñer unha obriga á administración municipal ou esixir o seu cumprimento na vía xurisdiccional”, de producirse a votación e aprobarse a moción, o acordo carecería de eficacia xurídica.

3. CUALIFICACIÓN DAS MOCIONS PRESENTADAS NO PLENO ORDINARIO DE 31-05-2021.

MOCIÓN 1

Rexistro núm. 20219990000780, do 27-05-2021, presentada pola concelleira non adscrita D^a. Ana Pérez Imia, sobre cesión de vehículos híbridos/eléctricos a veciños:

“.....

Solicito que se inicien os trámites pertinentes para poñer a disposición dos veciños un vehículo pertencente a flota municipal, ben sexa híbrido ou eléctrico, para que os mesmos poidan solicitalo/ reservalo para uso particular. Comezar por establecer unhas bases coherentes para que os bens se manteñan en bo estado e estea regulado o uso para unha boa organización do servizo. Desta maneira, calquera veciño coa licenza correspondente pode satisfacer as súas necesidades persoais(acudir ao médico, realizar a compra, acudir a unha consulta hospitalaria) favorecendo o medioambiente, reducindo as emisións dos vehículos convencionais e achegando facilidades a veciñanza para manter a poboación no rural.”

Emitido o informe pola secretaria, o Sr. Alcalde ao abeiro do establecido no artigo 92.2 do ROF aprazou o seu estudo e debate, quedando sobre a mesa ata o próxima sesión.

Na precitada sesión douse conta do informe de secretaría que no seu fundamento xurico Segundo di: “Segundo.- A doazón ou cesión gratuíta ven regulada no artigo 92 RB, 79.2 TRRL e 276 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, referida aos bens inmobles de natureza patrimonial, e se limita a posibilidade de efectuala a favor de Entidades e Institucións Públicas para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal, así como a institucións privadas de interese público sen ánimo de lucro e o art. 277 da Lei 5/1997 contempla o alleamento de bens patrimoniais, non facendo mención expresa á cesión de bens mobles. No presente caso, cesión de vehículos, que teñen a cualificación de bens mobles de natureza patrimonial afectos a un servizo público, posibilidade non contemplada nos precitados corpos legais, por analogía poderíanse aplicar os citados artigos, se ben contéplase a súa afección ao servizo público produto da súa adquisición por medio de subvención externa concedida pola Xunta de Galicia, a cal estaría suxeita a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e especialmente á Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, incumprindo o fin da mesma no caso de adoptarse o acordo de cesión.”

Na data de 07-06-2021 solicítase por catro concelleiros a celebración dun pleno extraordinario incluíndo un punto 1º, cuxa redacción é similar á moción anterior, e o día 10-06-2021 emítese pola Intervención Municipal unha dilixencia que conclúe cunha advertencia. E na resolución 361/2021, do 10-06-2021, a alcaldía denega a inclusión na orde do día do Pleno extraordinario solicitado por catro concelleiros, resolvendo no Punto Primeiro: “a Intervención advirte que os vehículos están afectados á finalidade para a cal se solicitou a subvención e que de incumprir tal esixencia o Concello de Ponteceso deberá reintegrar o importe percibido indebidamente, polo que esta alcaldía considera que ao ser un acto de contido imposible, é causa tamén de nulidade de pleno dereito, artigo 47.1.c) da Lei 39/2015, LPACAP.”

No informe de secretaría precitado díse “92 RB, 79.2 TRRL e 276 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, referida aos bens inmobles de natureza patrimonial, e se limita a posibilidade de efectuala a favor de Entidades e Institucións Públicas para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal, así como a institucións privadas de interese público sen ánimo de lucro e o art. 277 da Lei 5/1997 contempla o alleamento de bens patrimoniais, non facendo mención expresa á cesión de bens mobles..”

A cualificación da moción presentada podería ser a de “rogo”, “Solicito que se inicien os trámites pertinentes para poñer a disposición dos veciños un vehículo pertencente a flota municipal...”, polo que procedería que o alcalde traslade a sobredita moción á parte do control do vindeiro pleno ordinario baixo a rúbrica de “Rogos”, consonte ao artigo 97.6 do ROF, “6. Rogo, é a formulación dunha proposta de actuación dirixida a algúns dos órganos de goberno municipal. Os rogos formulados no seo do Pleno poderán ser debatidos, pero en ningún caso sometidos a votación”.

MOCIÓN 3

Registro de entrada 20210000000752 do 28-05-2021, presentada polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular:

“.....

- 1) Resolución do Contrato coa empresa adjudicataria e asunción do servizo en própio polo Concello. E retorno o Concello de Ponteceso de todos os traballadores subrogados no seu día a empresa concesionaria.
- 2) Solicitud para que se poña a disposición dos membros do Pleno copia de toda a información relativa ó SAF, dende o ano 2015. E de agora en adiante, con una periodicidade de seis meses. De estos asuntos en concreto:
 - Nº de usuarios, en Réxime de Dependencia e Libre Concorrenca, en cómputo mensual.
 - Nº de horas de servizo prestado, en cómputo anual ou mensual.
 - Custe do servizo asumido polo Concello, cómputo anual ou mensual.
 - Cantidades anuais cofinanciadas pola Xunta de Galicia, Deputación ou calqueira outro Organismo.
 - Cantidades abonadas polos usuarios do servizo, en cómputo anual ou mensual.”

Emitida dilixencia pola secretaría, o Sr. Alcalde ao abeiro do establecido no artigo 92.2 do ROF aprazou o seu estudo e debate, quedando sobre a mesa ata o próxima sesión.

Na data de 07-06-2021 solicítase por catro concelleiros a celebración dun pleno extraordinario incluíndo un punto 2º que é de redacción similar á moción presentada na sesión do Pleno de 31-05-2021, e na data de 10-06-2021 emítese pola Intervención Municipal unha dilixencia que conclúe:

“.....1.- O contrato do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Ponteceso adjudicado por acordo da Xunta de Goberno Local de 28.05.2018, ao abeiro do artigo 221 do RDL 3/2011, de 14 de novembro e das cláusulas 6 e 31 das dos PCA, está cumprido e polo tanto enténdese extinguido.

Nembargantes e ao abeiro das cláusulas 6.2 e 26.1.9 das dos Pregos, o contratista quedará obrigado a continuar a prestación de aqueles servizos que se demanden por resultar indispensables, para evitar un grave trastorno ao servizo público e as persoas usuarias, a fin de salvagardar o dereito constitucional á saúde e integridade física e evitar unha perturbación grave e non reparable de tales dereitos, ata que o contrato sexa adjudicado a outro empresario, previa a tramitación do correspondente expediente de contratación. Neste suposto, a Administración asume o compromiso do pago e mantemento do equilibrio económico do contrato durante o tempo que dure a situación anteriormente descrita.

2.- Ao abeiro do artigo 22.2.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local é competencia do Pleno a aprobación das formas de xestión dos servizos públicos e dos expedientes de municipalización. Nembargantes ADVIRTO POR ESCRITO que a elección do modo de prestación dos servizos non é, de conformidade có artigo 85.2 do mesmo texto legal, unha potestade discrecional senón que exige a tramitación previa do oportuno expediente no que se acredite que o modo proposto é o máis eficiente e sostible de entre os permitidos pola lei. Asemade, se debe analizar a tipoloxía da competencia que o Concello de Ponteceso exerce sobre o Servizo de Axuda no Fogar (propia ou impropia) e, no caso de estar no suposto ao que se refire o artigo 97

do RDL 781/1986, de 18 de abril polo que se aproba o texto refundido de disposicións vixentes en materia de Réxime Local, existe a obriga de tramitar o expediente regulado no citado precepto.

Transcribo neste punto o literal do artigo 47.1.e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas :

“47.1. Los actos de las Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes:

e) Los dictados prescindiendo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido o de las normas que contienen las reglas esenciales para la formación de la voluntad de los órganos colegiados.

...”

3.- **ADVIRTO POR ESCRITO** que é a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público a que define o réxime de competencias nos expedientes de contratación e que é unha vez determinado o prezo do contrato a licitar cando, en función da porcentaxe que éste represente en relación aos recursos ordinarios do orzamento, se pode definir cal é o órgano competente.

Transcribo neste punto o literal do artigo 47.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas :

“47.1. Los actos de las Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes:

...

b) Los dictados por órgano manifiestamente incompetente por razón de la materia o del territorio.

...”

Ao non estar atribuída expresamente a competencia ao Pleno en materia de contratación, considerando que a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público é a que define o réxime de competencias nos expedientes de contratación e ata o momento en que se determine, tras a formación do correspondente expediente de contratación, o prezo do contrato a licitar cando, en función da porcentaxe que éste represente en relación aos recursos ordinarios do orzamento, neste intre non se pode definir cal é o órgano competente, polo que a moción presentada tería a cualificación de “Rogo” polo que procedería que o alcalde trasladara a sobredita moción á parte do control do vindeiro pleno ordinario baixo a rúbrica de “Rogos”, conforme ao art. 97.6 do ROF, tal como informou a secretaría municipal na dilixencia incorporada á moción presentada no Pleno ordinario de 29-03-2021, sobre a cesión dun local municipal a concelleiros da Corporación.

MOCIÓN 4

Rexistro de entrada 20210000000756 do 28-05-2021, presentada polo concelleiro non adscrito Don Miguel Ángel González Gómez. na súa condición de non adscrito, para a realización dunha auditoría externa no Concello

“...1.- Aprobar o inicio de expediente para a contratación dunha auditoría económico-financieira e de contas de carácter externo, por un contratista axeitado que, previos os tramites legais oportunos, sexa seleccionado polo propio Pleno, dada a súa competencia como órgano fiscalizador da actuación do Alcalde.

2.- Requerir a Intervención aos efectos de informar acerca da insuficiencia de medios materiais suficientes para a realización da mentada auditoría.”

Pola Intervención emitíuse a dilixencia, incorporada á acta da sesión, a cal conclúe a falta de competencia do Pleno e a nulidade de pleno dereito na que incorrería o acordo, no caso de adoptarse.

Á vista da dilixencia de intervención, O Sr. Alcalde ao abeiro do establecido no artigo 92.2 do ROF acordou aprazar o seu estudo e debate, quedando sobre a mesa ata o próxima sesión.

Na data de 07-06-2021 solicítase por catro concelleiros a celebración dun pleno extraordinario incluíndo un punto 4º que é do seguinte teor literal: “Análise sobre estado económico-financieiro do concello e, no seu caso, aprobación ou impulso do expediente correspondente para a contratación dunha auditoría económico-financieira e de contas de carácter externo, por un contratista axeitado.”

Na data de 10-06-2021 emítese pola Intervención Municipal unha dilixencia que conclúe:

“...**1.- Advirto por escrito** que en caso de tramitación da proposta a que se refire o punto CUARTO do escrito de solicitude de convocatoria de pleno extraordinario presentada o 07.06.2021 (número de rexistro de entrada 202100000000829), se estarían a invadir competencias reservadas por lei á intervención municipal e ao Tribunal de Contas e polo tanto se estarían a vulnerar a Lei Orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas (artigos 1, 2 e 4 (apartados 1 e 2)), a Lei 7/1988, do 5 de abril, de Funcionamento do Tribunal de Contas (artigo 27 apartado primeiro), a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia (artigos 1, 2, 4 e 5) , Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (artigo 92.bis apartados 1 e 2), o Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (artigos 213 e 223), Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional (artigos 2 (apartados 1 e 2), 6 (apartado 1) e 11 (apartado 1)), o RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (artigos 3 (apartados 1, 2 e 4) e 34).

2.- Advirto por escrito que é a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público a que define o réxime de competencias nos expedientes de contratación e que, visto que non consta valoración económica algunha do contrato que se propón tramitar, non se acredita a competencia plenaria no citado expediente.

3.- Advirto por escrito que, ao abeiro do artigo 47.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo

Común das Administracións Públicas, son nulos de pleno dereito:

"1. Los actos de las Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes:

- a) Los que lesionen los derechos y libertades susceptibles de amparo constitucional.
- b) Los dictados por órgano manifiestamente incompetente por razón de la materia o del territorio.
- c) Los que tengan un contenido imposible.
- d) Los que sean constitutivos de infracción penal o se dicten como consecuencia de ésta.
- e) Los dictados prescindiendo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido o de las normas que contienen las reglas esenciales para la formación de la voluntad de los órganos colegiados.
- f) Los actos expresos o presuntos contrarios al ordenamiento jurídico por los que se adquieren facultades o derechos cuando se carezca de los requisitos esenciales para su adquisición.
- g) Cualquier otro que se establezca expresamente en una disposición con rango de Ley"

Ao non estar atribuída a competencia ao Pleno, invadir as competencias na materia da fiscalización que a Lei atribúe á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, así como en materia de contratación, considerando que a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público é a que define o réxime de competencias nos expedientes de contratación e ata o momento en que se determine, tras a formación do correspondente expediente de contratación, o prezo do contrato a licitar, non se poderá determinar cal será o órgano competente en función da porcentaxe que éste represente en relación aos recursos ordinarios do orzamento. Neste intre non se pode definir cal é o órgano competente, polo que a moción presentada podería ter a cualificación de "Rogo" polo que procedería que o alcalde traslade a sobredita moción á parte do control do vindeiro pleno ordinario baixo a rúbrica de "Rogos", podéndose entablar o debate pero non o sometemento a votación. conforme ao art. 97.6 do ROF, tal como informou a secretaría municipal na dilixencia incorporada á moción presentada no Pleno ordinario de 29-03-2021, sobre a cesión dun local municipal a concelleiros da Corporación.

MOCIÓN 5

Rexistro de entrada 20210000000757 do 28-05-2021, presentada polo concelleiro non adscrito Don Salvador Eiroa Ameijenda, para o uso de edificio municipal para os concelleiros da Corporación.

O Sr. Alcalde dou conta da dilixencia de secretaría que obra no expediente sometido ao Pleno do 29-03-2021, relativo á moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, que no apartado "conclusións" é do seguinte teor:

"CONCLUSIÓN S:

Á vista das consideracións expostas no informe, o escrito presentado por o voceiro do GM do Partido Municipal, non reúne os requisitos materiais e formais que debe recoller unha moción, dado que a competencia nesta materia recoñécese ao Alcalde de acordo cos artigos 27 e 28 do ROF, 21 da LBRL e 61 da LALGA. No caso de incorporarse como moción de urxencia, previa apreciación da urxencia por maioría absoluta, o acordo incorrería en nulidade de pleno dereito conforme o artigo 47.1.b) da LPACAP.

Porén, o mesmo podería ser reconducido como "Rogo dirixido a Alcaldía", de acordo co artigo 91.4 do ROF, en virtude do principio de conservación dos actos administrativos recoñecido no artigo 50 da LPACAP.....".

O alcalde ao non ser unha competencia do Pleno, senón que a mesma se encontra atribuída á Alcaldía acordou reconducilo como "Rogo", e así se incorporou na mesma sesión de 31-05-2021 á rúbrica de "Rogos", na parte non resolutive, control, polo que o dereito fundamental dos concelleiros do artigo 23.1 da CE non poderá considerarse vulnerado, tal como establece a doutrina, en especial as Sentenzas do Tribunal Supremo de 16-12-1986, 18-05-1998, 14-09-2001.

MOCIÓN 6

Rexistro de entrada 20210000000758 do 28-05-2021, presentada polo concelleiro non adscrito D. Faustino Santiago Lema, para a modificación do Regulamento da agrupación municipal de voluntarios de protección civil de Ponteceso

Do seguinte teor literal:

"....1.- A aprobación inicial da modificación do Regulamento da agrupación de voluntarios de protección civil de Ponteceso (BOP 12/01/2001) do xeito seguinte:

Modifícase o artigo 12 que queda redactado como segue:

"Sen prexuízo das facultades de dirección que, exclusivamente en materia de emerxencias, lle corresponden á autoridade local competente dacordo coa normativa sectorial de aplicación, tódalas actuacións e operativos que realice a AVPC en materia de protección civil no ámbito local serán autorizados e coordinados polo seu Presidente, que poderá delegar a xestión no Vicepresidente ou nos restantes órganos da AVPC."

2.- Someter a información pública o expediente de modificación."

Emitida a dilixencia polo secretario accidental o Sr. Alcalde ao abeiro do establecido no artigo 92.2 do ROF acordou aprazar o seu estudo e debate, quedando sobre a mesa ata o próxima sesión.

Na data de 07-06-2021, solicítase un pleno extraordinario por concelleiros, cun punto Sexto similar á moción presentada e analizada, e na data de 10-06-2021 emítese pola secretaría un informe que conclúe o seguinte:

“...CONCLUSIÓN

A proposta de acordo que se presenta limita a actuación do alcalde cambiando a actual redacción actual do artigo 12 do Regulamento Municipal o cal establece “ Tódalas actuacións que realice a AVPC en materia de protección civil non ámbito local, serán sempre autorizadas e coordinadas ou, de cásollo-, dirixidas pola autoridade local correspondente, que poderá delegar non xefe do Servizo Municipal de Protección Civil” por “ Sen prexuízo das facultades de dirección que, exclusivamente en materia de emerxencias, lle corresponden á autoridade local competente dacordo coa normativa sectorial de aplicación, tódalas actuacións e operativos que realice a AVPC en materia de protección civil non ámbito local serán autorizados e coordinados polo seu Presidente, que poderá delegar a xestión non Vicepresidente ou nos restantes órganos dá AVPC.”, limitando desta forma o establecido na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, a cal establece no seu art. 27.2 “A persoa titular da alcaldía é a autoridade municipal superior de protección civil e xestión de emerxencias.”

A Lei 40/2015, LRJSP, no seu artigo 8 establece que a competencia é irrenunciable e exercerase polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, salvo os casos de delegación ou avocación. Polo que se non hai delegación non poderá ser menoscabada por un órgano que non ten competencia Plena para dispoñer aquelas que son atribuídas por Lei á Alcaldía.

Por tanto o Pleno non pode limitar as atribucións que unha Lei outórgalle ao titular da alcaldía, como autoridade municipal superior de protección civil e xestión de emerxencias, o acordo pretendido incorrería en nulidade de pleno dereito conforme ao art. 47.1. b) da Lei 39/2015, LPACAP, o cal establece que serán actos nulos de pleno dereito “os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia”.

De conformidade co anterior, o Pleno non pode limitar nin menoscabar as atribucións que unha Lei outórgalle ao titular da Alcaldía como autoridade municipal superior de protección civil e emerxencias, polo que a moción presentada podería ter a cualificación de “Rogo”, polo que procedería que o alcalde trasladara a sobredita moción á parte do control do vindeiro pleno ordinario baixo a rúbrica de “Rogos”, podéndose entablar o debate pero non o sometemento a votación conforme ao art. 97.6 do ROF, tal como informou a secretaría municipal na dilixencia incorporada á moción presentada no Pleno ordinario de 29-03-2021.

MOCIÓN 7

Rexistro de entrada 20210000000759, do 28-05-2021, presentada polo voceiro do G.M. de APIN, para a rebaixa do IBI urbano e rústico e ICIO.

“...Inicio de expediente para unha posible rebaixa do IBI urbano e rústico ao 0,45% da base liquidable.

Inicio de expediente para unha posible rebaixa do ICIO ao 2% da base imponible.

Solicitar aos órganos municipais os informes preceptivos, sinaladamente de Intervención aos efectos de comprobar a viabilidade da proposta.”

A Intervención Municipal emitiu unha dilixencia, a cal incorporouse á acta das sesión de 31-05-2021, que nas súas conclusións é do seguinte teor literal:

“CONCLUSIÓN:

1.- Advirto por escrito que se ben ao abeiro do artigo 22.2.d) da lei Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local a aprobación da modificación das Ordenanza Fiscais núm. 1 e núm. 3 reguladoras, respectivamente, do IBI e do ICIO corresponden ao Pleno, o único órgano competente para iniciar tal expediente administrativo é, de conformidade có artigo 21.1.a) do mesmo texto legal, o Alcalde.

Nembargantes e coa finalidade de garantir o dereito ao que se refire o artigo 23.1 da Constitución Española, nada impide que os membros da corporación ou os grupos municipais a través dos seus portavoces poidan formular unha proposta de actuación (rogo) dirixida ao Alcalde que poderá ser debatido na sesión plenaria que corresponda, aínda que se deberá ter en conta que en ningún caso poderán ser sometidos a votación.

2.- Advirto por escrito que, ao abeiro do artigo 47.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, son nulos de pleno dereito:

“1. Los actos de las Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes:

- a) Los que lesionen los derechos y libertades susceptibles de amparo constitucional.
- b) Los dictados por órgano manifestamente incompetente por razón de la materia o del territorio.
- c) Los que tengan un contenido imposible.
- d) Los que sean constitutivos de infracción penal o se dicten como consecuencia de ésta.
- e) Los dictados prescindiendo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido o de las normas que contienen las reglas esenciales para la formación de la voluntad de los órganos colegiados.
- f) Los actos expesos o presuntos contrarios al ordenamiento jurídico por los que se adquieren facultades o derechos cuando se carezca de los requisitos esenciales para su adquisición.
- g) Cualquier otro que se establezca expresamente en una disposición con rango de Ley.”

De idénticas conclusiones fue la emitida e incorporada al acta de 31-05-2021, si bien la misma incorporaba lo siguiente:

"En consecuencia, o escrito presentado por José Manuel Pose Verdes o 28.05.2021 (número de rexistro de entrada 20210000000759) non debería calificarse como moción ao non reunir os requisitos esixidos polo artigo 97.3 do ROF. Únicamente existiría a posibilidade de reconducilo á consideración de "rogo" para que o Alcalde valore se o acepta ou non."

Fundamentado no anterior o Alcalde reconduxo a moción como rogo, e así se incorporou na mesma sesión de 31-05-2021 á rúbrica de "Rogos", na parte non resolutiva, control, polo que o dereito fundamental dos concelleiros do artigo 23.2 da CE non poderá considerarse vulnerado, tal como establece a doutrina, en especial as Sentenzas do Tribunal Supreo de 16-12-1986, 18-05-1998, 14-09-2001.

MOCIÓN 10. Presentada na sesión, polo concelleiro non adscrito D. Faustino Santiago Lema, para a creación dunha comisión de persoal e interior.

"....

MOCIÓN-PROPOSTA

Crear unha **COMISIÓN INFORMATIVA DE PERSOAL E INTERIOR** ó amparo da normativa vixente que abrangue o seguinte:

COMPOSICIÓN: (ó amparo da normativa vixente):

Presidente Titular: D. Raquel Fondo Pérez

Suplente: D. Faustino Santiago Lema

Primeiro vogal: Dña. Julia Ures Villar

Suplente: Pedro Álvarez Bugallo

Segundo vogal: Pablo García Rodríguez

Suplente: Dña. María José Fondo Balsa

Terceiro vogal: D. Rubén Pérez Cotelo

Suplente: D. Alejandro Rodríguez Cruz

Secretario: O secretario/a titular do Concello de Ponteceso

Suplente: O Interventor/a titular do Concello de Ponteceso

FUNCIÓNS E COMETIDOS: (ó amparo da normativa vixente):

Propoñer, para seren designados polo Alcalde, ós membros da Corporación que participen nas negociacións relativas ó Artigo 37 do RDL 5/2015 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

Propoñer, para seren designados polo Alcalde, ós membros dos órganos de Selección e Tribunais, ó abeiro e cumprindo estritamente co que recolle o artigo 60 do RDL 5/2015 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

Todos aqueles outros relacionados co persoal funcionario e laboral ó servizo do Concello de Ponteceso

Os membros da comisión non percibirán indemnización algunha polo concurrencia efectiva as sesións celebradas.

O anteriormente exposto e explicado, propónse ó Pleno para a súa aprobación".

Emitida a dilixencia polo secretario accidental o Sr. Alcalde ao abeiro do establecido no artigo 92.2 do ROF acordou aprazar o seu estudo e debate, quedando sobre a mesa ata o próxima sesión.

Na data de 07-06-2021, solicítase un pleno extraordinario por concelleiros, cun punto Sétimo similar á moción presentada e analizada, e na data de 10-06-2021 emítese pola secretaría un informe que conclúe o seguinte:

"CONCLUSIÓN

A proposta de acordo que figura na solicitude de Pleno extraordinario para a creación dunha Comisión Informativa de persoal, non se axusta a dereito, tanto desde o punto de vista da competencia, atribuída legalmente ao Alcalde como Presidente da Corporación, ao que lle corresponde dirixir o goberno e a administración municipal, aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e o persoal aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas e desempeñar a xefatura superior de todo o persoal. En canto á presidencia e formación das comisión que se pretende, a mesma non podería crearse por acordo do Pleno, ao ser unha competencia que non se atopa entre as competencias atribuídas ao devandito órgano polo art. 22.2 LRBR e por estar a mesma atribuída a outro órgano, a alcaldía. Por outra banda folga dicir que a composición non cumpre co establecido 123 e 125 do ROF, polo que a proposta de acordo non pode nin debe prosperar, pois de selo estaría a incorrer na nulidade de pleno dereito do art. 47.1. b) da Lei 39/2015, LPACAP."

A Sentenza do TS do 24 de setembro de 2007 afirma que a Presidencia das Comisións Informativas Especiais que as normas atribúen ao Alcalde, forma parte do núcleo de condicións relativas ao exercicio do cargo que a Constitución protexe e cuxo exercicio debe asegurarse ao titular do mesmo. Dita Presidencia non debe ser obxecto de votación polos integrantes do Pleno do Concello (aínda que así se acordou en Pleno), lesionándose, en caso contrario, o dereito fundamental a exercer o seu cargo público de Alcalde nas condicións establecidas pola lei. A presidencia dos órganos municipais forma parte do contido do cargo do Alcalde, e por tanto a presidencia das Comisións forma parte do núcleo de atribucións que caracterizan a súa posición. O Tribunal Constitucional considerou que non era unha mera cuestión de legalidade ordinaria o respecto ás previsións da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral [artigo 196 a)] sobre a condición de cabeza de lista como candidato a Alcalde e afirmou que a súa falta de respecto "é unha irregularidade que menoscaba polo menos (...) o dereito para acceder en condicións de igualdade aos cargos públicos" (Sentenza

31/1993).

De conformidade co anterior, o Pleno non pode limitar nin menoscabar as atribucións que unha Lei outórgalle ao titular da Alcaldía como Presidente nato de todas as Comisións que se creen polo acordo do Pleno, nin o Pleno pode asumir competencias atribuídas a outro órgano, tal é caso coas competencia da alcaldía, *a quen lle corresponde dirixir o goberno e a administración municipal, aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e o anexo de persoal aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas e desempeñar a xefatura superior de todo o persoal*, polo que a moción presentada podería ter a cualificación de "Rogo", e procedería que o alcalde trasladeara a sobredita moción á parte do control do vindeiro pleno ordinario baixo a rúbrica de "Rogos", podéndose entablar o debate pero non o sometemento a votación, conforme ao art. 97.6 do ROF.

CONCLUSIÓN FINAIS

Primeira.- As mocións que se presenten poderán ser resolutivas ou non resolutivas, sendo conveniente que os señores concelleiros manifestaran no seu escrito o seu carácter.

En primeiro lugar e no debate plenario da corporación municipal haberá que incluír as mocións tipificadas como resolutorias, previstas no artigo 97.3 do ROF, sempre que reúnan os seguintes requisitos:

- Non figurar na orde do día da convocatoria do pleno.
- Tratar sobre asuntos que sexan de competencia municipal plenaria.

En segundo lugar, corresponde ao alcalde, asistido do secretario, a facultade de cualificar as mocións como non resolutorias e determinar –na súa condición de presidente e director do desenvolvemento da sesión corporativa municipal, nos termos previstos nos artigos 21.1 c) da LBRBRL e 24 a) do texto refundido da Lei de Réxime local 781/1986- a súa tramitación en función das seguintes características:

- a) O asunto ou proposta, pode non estar sometido a competencia da administración local (declaracións institucionais ou reclamacións ante a Unión Europea, a xustiza, a organización da comunidade autónoma...). Incluso sendo as cuestións de competencia municipal, pode acontecer que non son materias reservadas ao pleno, senón atribuídas a outros órganos de goberno.... xunta de goberno local, alcaldía.....
- b) Pola súa natureza e de conformidade co artigo 46.2 e) da LBRBRL, debe ser obxecto de debate.
- c) No suposto de someterse a votación, dado que o acordo non é resolutorio, carecerá de eficacia xurídica xa que non pode crear ou modificar dereitos subxectivos, impoñer unha obriga á administración municipal ou esixir o seu cumprimento na vía xurisdiccional.
- d) A súa tramitación en xeral, é semellante a dun rogo, aínda que se diferencie polo seu contido material.

Segunda.- As mocións que se presenten, como as formuladas no último pleno ordinario, sesión do 31-05-2021 e despois de realizada a convocatoria, cuxa competencia e decisión corresponda a outro órgano administrativo, a Alcaldía, deberían ser cualificadas como rogos e así desviadas a este punto da sesión, conforme ao art. 97.6 do ROF, tal como informou a secretaría municipal na dilixencia incorporada á moción presentada no Pleno ordinario de 29-03-2021, sobre a cesión dun local municipal a concelleiros da Corporación. Signalando expresamente que toda moción de urxencia deberase motivar adecuadamente, o Pleno procederá á declaración de urxencia por medio da votación, a cal necesitará o voto favorable da maioría absoluta dos concelleiros que forman parte da Corporación, e incluírse na orde do día, procederase ao debate, e cando a competencia corresponda a outro órgano municipal, non procederá a votación do acordo proposto, e no caso de producirse a mesma o acordo carecerá de eficacia xurídica, ao ser nulo de pleno dereito, consonte ao artigo 47.1.b) da Lei 39/2015, LPACAP.

O dereito fundamental dos concelleiros do artigo 23.1 da CE non poderá considerarse vulnerado, tal como establece a doutrina, en especial as Sentenzas do Tribunal Supremo de 16-12-1986, 18-05-1998, 14-09-2001, posto que os asuntos trataranse, non co carácter de moción ao non cualificarse como tal, senón como rogos.

Terceira.- Cando as mocións se presenten antes da realización da convocatoria terán a consideración de propostas de resolución, así a *Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña de 10 de xaneiro de 2002, a cal no seu Fundamento Xurídico Cuarto, sinala;*

"... se colige que a iniciativa de los grupos municipales tendente al debate y votación de asuntos en el pleno, encuentra una distinción, según que la propuesta se presente antes o después de la convocatoria del pleno, pues en el primer supuesto estaremos ante propuestas de resolución, mientras que en el segundo caso se hablará de mociones"

As ditas propostas deberán ser sometidas ao ditamen da correspondente Comisión Informativa e deberán conter todos os informes e tramitación establecida nas disposicións legais de aplicación, non podendo someterse ao Pleno ata que o expediente da súa razón esté completo e se considere finalizado.

Cuarta.- En consecuencia, tanto se o pleno invade competencias do alcalde, como se o alcalde invade competencias do pleno, os correspondentes acordos ou decisións serán nulos de pleno dereito, artigo 47.1.b) da Lei 39/2015, LPACAP. A singular distribución do poder no sistema de goberno municipal ten, como consecuencia elemental, que o pleno non pode adoptar acordos sobre calquera materia ou cuestión, senón só sobre os asuntos que expresamente lle están atribuídos (tendo en conta, ademais, que nas materias non atribuídas expresamente pola lei ao

pleno rexe a presunción de competencia do alcalde: art. 21.1.s) LBRL).

A Sentenza do Tribunal Administrativo de Navarra, Sección Tercera, de 7 de xullo de 2019, é de especial significación, e no seu Fundamento de Dereito Cuarto:

“.....Para que el Pleno pueda desarrollar la función de control y fiscalización de los órganos de gobierno, atribuida por el artículo 22.2 a) de la LBRL, ha de realizarse en ejercicio de sus competencias propias y dentro de los cauces legalmente previstos, pues de lo contrario, se produce una infracción del ordenamiento jurídico por incompetencia del órgano.

Los procedimientos para desempeñar esa importante tarea de control, mediante la que se da efectividad a lo dispuesto en el artículo 23 de la Constitución Española, se hallan previstos en el artículo 104 del ROF que lleva por título “Medios para el control y fiscalización por el Pleno de los demás Órganos de Gobierno de los Entes Locales Territoriales”, que al efecto contempla: “1. El control y fiscalización por el Pleno de la actuación de los demás órganos de gobierno se ejercerá a través de los siguientes medios: a) Requerimiento de presencia e información de miembros corporativos que ostenten delegación. b) Debate sobre la actuación de la Comisión de Gobierno. c) Moción de censura al Alcalde o Presidente. 2. El Reglamento orgánico municipal podrá establecer otros medios de control y fiscalización de los órganos de gobierno”

O Tribunal Supremo, na súa Sentenza do 17 de febreiro de 2004, RJ 2004/1524:

“....aínda que é certo que a declaración de urxencia dunha moción corresponde ao Pleno, como a Sala de Instancia refire e prescribe o artigo 97.3 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, con todo o que o Pleno declarase a urxencia das mocións iso non impide o que se poida e deba analizar se o contido das mesmas é ou non competencia do Pleno, ou do Alcalde, pois se a competencia para as mesmas está atribuída ao Alcalde, non se podían nin se poden en Pleno analizar tales mocións, aínda que fosen declaradas urxentes, pois a posibilidade das mocións de urxencia a que se refire o artigo 97 citado o son só e exclusivamente para aquelas cuestións que sexan da competencia do Pleno e por tanto non se poden utilizar para privar ao Alcalde das súas competencias”.

Quinta.- O alcalde é o presidente do pleno (art. 21.1 c) LBRL), como tal presidente, o alcalde é competente para fixar a orde do día das sesións do pleno, dirixir as deliberacións ou debates e someter asuntos a votación. O alcalde ten unha dobre posición institucional, como titular de competencias materiais propias (as do art. 21.1 LBRL) e como presidente do pleno (art. 21.1 c) LBRL).

Nos municipios de réxime común, é competencia (indelegable) do Alcalde “convocar e presidir as sesións do Pleno” nos termos do art. 21.1.c) da LBRL, así como “dirixir o goberno e a administración municipal” (art. 21.1.a). Pola súa banda, en virtude do previsto nos artigos 80 e 82 do ROF, corresponde ao Alcalde convocar as sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno, así como a fixación da orde do día, asistido polo Secretario. Por todo isto será o alcalde quen coa asistencia do secretario fixe a orde do día, cualificando as mocións presentadas polos señores concelleiros, e no caso das que se presenten despois da convocatoria será tamén quen as cualifique coa asistencia do secretario, e cando os asuntos a tratar nas mocións requiran informe preceptivo de Secretaría ou Intervención, e non puideran emitirse no acto, deberán solicitar do Presidente que aprace o seu estudo quedando sobre a mesa ata a próxima sesión (artigo 92.2 do ROF).

Sen prexuízo doutro mellor informe fundado en dereito.

O Técnico de Admón. Xeral
Secretario accidental,

Asdo: Emilio Caínzos Quintás”

A secretaria explica que lle foi remitida copia do informe emitido polo secretario accidental en data 24-06-2021 coa convocatoria do pleno, e en concordancia co concluído no citado informe, as mocións presentadas no pleno do 31-05-2021 incorpóranse nesta sesión como rogos.

O Sr. Santiago Lema pregunta que pasa con esas mocións, porque se teñen que debatir como rogos.

O Sr. Eiroa Ameijenda dille ao alcalde que lle explique aos veciños o que di ese informe.

9º. Mocións

O alcalde sinala que non hai mocións.

10º. Rogos e preguntas

ROGOS

PRIMEIRO.-

(...) José Manuel Pose Verdes, portavoz de APIN no Concello de Ponteceso.

Ao Sr Alcalde que inicie o expediente para a rebaixa do IBI e do ICIO dado que son uns impostos que se atopan cuns gravámenes moi altos con respecto aos concellos limítrofes.(...)"

O Sr. Pose Verdes esixe que se debata o rogo.

O alcalde explica que o PP viña subindo os impostos unha media dun 11% cada ano agás no ano electoral do 2015. Dende o goberno tripartito conxeláronse taxas e impostos municipais. Se a oposición quere rebaixas fiscais o que ten que facer é axudar ao goberno e non perder o POS. Mentras teñan bloqueado o remanente non hai marxe de manobra.

Interrompe o Sr. Santiago Lema e o alcalde chámalo á orde por primeira vez e dille que non ten a palabra.

O Sr. Pose Verdes responde que no 2015 levaban a rebaixa de IBI e ICIO.

O alcalde dille que hai que ter caradura para compincharse cos non adscritos e o PP para non vir ao pleno e perder o POS.

A Sra. Carrillo Aguiar di que foron dous concelleiros do PP.

O alcalde di que unha marchou porque non estaba dacordo en perder o POS.

SEGUNDO.-

(...) José Manuel Pose Verdes, portavoz de APIN no Concello de Ponteceso.

Ao Sr. Alcalde que explique a situación na que se atopa o contrato coa empresa ATENDO S.L, e si os pagos á mesma están ao día (...)"

O alcalde sinala que se a empresa presenta ás facturas consonte ao contrato, vanse pagar. Explica que o SAF mellorou moito nos últimos anos e no POS ía incluída unha cantidade para dependencia.

O Sr. Eiroa Ameijenda interrompe.

O alcalde chámalo á orde dúas veces. Continúa dicindo que se APIN viñera a ese pleno habería quórum e non se perdería o POS, pero están compinchados para fastidiar a Ponteceso.

O Sr. García Cotelo baixa o cubrebocas e di "me cagho no tipo de dios".

O alcalde responde que empregar esas expresións malsonantes é impropio do líder da oposición.

O Sr. Pose Verdes pregunta se mañá vai cobrar a empresa.

O alcalde reitera que cobrará cando presente correctamente as facturas, do mesmo xeito que os concelleiros teñen que achegar o número de conta para que o concello abone as asistencias.

TERCEIRO.-

(...) José Manuel Pose Verdes, portavoz de APIN no Concello de Ponteceso.

Ao Sr. Alcalde que explique as diferencias que hai nas liquidacións dos anos 2018,2019 e 2020(...)"

A interventora di que como no rogo non se concreta o dato que quere saber, remítese aos informes.

O Sr. Pose Verdes pregunta polos importes do remanente.

A interventora sinala que está explicado nos informes.

O alcalde indica que nese período o concelleiro de APIN estaba no goberno e as cifras económicas sabe que melloraron ano a ano. A partires de 2015 as débedas foron reducíndose e pasaron a ter beneficios.

O concelleiro de APIN di que no 2018 o remanente era de 1.588.000 euros e no 2019 baixa a 885.000 euros. A baixada pode explicarse porque co remanente fíxose o campo de fútbol. No 2020 ten 673.000 euros de remanente, pero ten que quitar 530.000 euros para a conta 413, e 135.000 euros de pechados. Polo tanto o alcalde non debe seguir dicindo que ten remanente, porque o ten no papel nada máis.

O alcalde sinala que no remanente de 2020 hai cartos suficientes para pagar os recoñecementos extraxudiciais, pero a oposición ten que cambiar de parecer. Os concelleiros protestan polo estado dos camiños e no REC hai 25.000 euros de facturas de desbroces.

O portavoz do PP dille ao alcalde que se tivera dignidade, dimitiría.

O alcalde lémbrale que el nin tan siquiera ía nos tres primeiros postos da candidatura do PP.

O Sr. Pose Verdes di que no 2013 o agora alcalde fixo un papeliño criticando que o concello destinase cartos do POS para pagar facturas en vez de para facer obras, e agora atópase na mesma situación.

O Sr. alcalde dille ao Sr. Santiago Lema que o chama á orde por primeira vez. Le a seguinte pregunta.

PREGUNTAS

PRIMEIRA.-

(...) José Manuel Pose Verdes, portavoz de APIN no Concello de Ponteceso.

PREGUNTA

Ao Sr. Alcalde cómo vai cubrir as necesidades de socorristas nas praias con bandeira azul dado que no contrato menos coa empresa TOP RECUE S.L, faise un contrato por 21 días dende o 8 de xullo ata o 30 de agosto.(...)"

O alcalde responde que todos os anos teñen problemas para contratar socorristas, porque a subvención da Xunta chega sempre moi tarde. O que se fixo foi contratar a unha empresa e despois a 4 socorristas que están en Balarés. A empresa está no Osmo e na Ermida, co cal van estar máis de 21 días.

O Sr. Pose Verdes dille que non dan as contas e a trapallada estase vendo. No resto dos concellos a contratación faise antes e teñen socorristas.

O alcalde dille que os socorristas son moi escasos, e o concello intenta financialo co Plan de cooperación e van ter que cambiar a forma de traballar, financiándoo con fondos propios. Concederon menos socorristas dos que se solicitaron e só conseguiron contratar catro. Sinala que Ponteceso é o concello con máis bandeiras azuis, xunto con Carballo. Consegúronse a partires do ano 2016, co goberno tripartito. Agora APIN cambiou de bando e únese ao PP.

O Sr. Pose Verdes responde que APIN segue no mesmo sitio.

O alcalde sinala que teñen recursos humanos e materiais en materia de salvamento e socorrismo e na Costa da Morte hai moitos concellos con litoral.

O concelleiro de APIN dille que agarda ao último día para facer todo. A última pregunta é que pasa co quiosque que estaba no relleno e custou 21.000 euros.

SEGUNDA.-

(...) José Manuel Pose Verdes, portavoz de APIN no Concello de Ponteceso.

Ao Sr. Alcalde onde se atopa o kioskop de prensa que estaba depositado nunha finca dunha empresa de Ponteceso e que foi retirado de ela sin saber a nova ubicación.(...)"

O alcalde di que non viu esa factura, que a empresa pasou por un concurso de acreedores e un dos bens adxudicados foi ese quiosque.

O Sr. Pose Verdes quere que se lle envíe esa documentación. E lembra que na reunión do 2019 APIN presentou obras cun ano de antelación para o POS.

O alcalde responde que deben admitir que se equivocaron confabulando coa oposición para que non se celebrara ese pleno, e pídelles que presenten obras para o remanente.

O concelleiro de APIN di que esas obras que se propuxeron están todas sen facer e ten onde escoller.

O alcalde dille que formule a pregunta.

O Sr. Pose Verdes replica que agora non a fai.

O Sr. García Cotelo quere intervir.

O alcalde dille que non está no uso da palabra.

O concelleiro do PP pide que conste en acta que non se respecta o ROF.

O alcalde dille ao Sr. Pose Verdes que propoña obras, xa que ese día que non viñeron ao pleno non poden borrar da historia de Ponteceso. Agora vai contestar ás preguntas formuladas na sesión anterior. Sinala que a área de autocaravanas de Corme, que se fixo grazas a unha subvención de 30.000 euros de Turismo de Galicia, é probablemente a maior de toda España. Obtívose o terreo pola fórmula da área de reparto do PXOM. A dirección de obra e a coordinación de seguridade e saúde son datos que constan na resolución de adxudicación.

O concelleiro de APIN di que non lle parece o lugar idóneo e hai zonas en Balarés nas que non debían estar caravanas postas.

O alcalde pregunta se debe mandarles á Policía local para botalas fóra.

O Sr. Pose Verdes di que non se trata diso, pero si de facer algo.

O alcalde dille que son o único concello que ten dúas áreas de autocaravanas, sendo un enorme atractivo para Corme. O PXOM é o que determina os terreos para dotacións e houbo que negociar con particulares para conseguir a favor do concellos os terreos gratuitamente. Grazas a eso teñen un vial e 5 prazas de aparcamento. Continúa referíndose a unha pregunta sobre unha actividade educativa de medio ambiente e responde que o concello non ten crédito para realizar esa actividade. Se o pleno está disposto a aumentar o crédito para educación, entón traerán unha modificación de crédito financiada con remanente.

O alcalde responde que o Plan de Emprego Social (PES) financiou durante 5 meses con cargo a fondos propios, que remataban en maio, e advertiuse que había que aprobar o POS para que seguiran contratados.

O Sr. Santiago Lema pide intervir.

O alcalde dille que intervirá despois. Responde que é falso que non se tramitara en tempo o Fondo de Compensación Ambiental. Tramitouse en tempo, era un proxecto moi bo, para desbrozar todo o municipio e replantar con "raigrás", pero a Xunta rexeitou o proxecto de Ponteceso para o Fondo de Compensación Ambiental. Protestaron na FEGAMP.

O Sr. García Cotelo interrompe e dille que antes de rexeitalo houbo cinco requirimentos, dille que non minta "que o teño trincao, a ver se espabila".

O alcalde dille que fixo unha pregunta e está respondendo. Sinala que o proxecto presentado era moi beneficioso, e da mesma forma que a Xunta concede subvencións para os colexios de Coristanco e de Cabana, rexeitou o de Ponteceso. Lembra que Augas de Galicia investiu 10.000 euros en Ponteceso dende 2015, que se gastou nunha depuradora, e agora vai investir 1,5 millóns de euros na Laracha mediante convenio. Considera lamentable o xeito en que a Xunta beneficia a concellos do PP en detrimento dos outros.

O Sr. García Cotelo reitera que houbo cinco requirimentos antes de rexeitalo.

A Sra. Carrillo Aguiar dille que se non falan con el será porque non poden, igual que non poden os concelleiros. Dille que non vai darlle un mitin.

O alcalde sinala que ten entrevistas periódicas con conselleiros e o que lle din é que non hai cartos. Acusa ao PP de Ponteceso de chamar para que non lles concedan subvencións.

O Sr. García Cotelos alza a voz para dicir que o proxecto estaba mal presentado.

O alcalde responde a pregunta de APIN sobre o estado de tramitación do muro de Bardanca.

O Sr. Pose Verdes di que o problema é que isto tiña que contestalo hai dous meses.

O alcalde dille que non o presentou en tempo e contesta agora.

O resto dille que lea ben.

O alcalde lembra o que lle contestou no pleno anterior e dille que a día de hoxe está feito.

O concelleiro de APIN dille que hoxe non lle fixo ningunha pregunta.

O alcalde pasa a contestar a pregunta sobre o uso dos vehículos municipais. Di que sempre se empregan para beneficio público. Lembra a colaboración de Protección Civil no tema das lanchas e en concreto unha persoa leva moito tempo adicado a este tema.

O Sr. Santiago Lema di que as lanchas están atracadas en Corme, non estiveron este ano nin un día nas praias.

O alcalde dille que o funcionamento é óptimo.

O Sr. Eiroa Ameijenda di que non respondeu á pregunta.

O alcalde continúa contestando que a fin de semana hai reunións para que este servizo funcione, e este é o motivo do uso dese vehículo. A seguinte pregunta é sobre a modificación das bases de técnico/a de turismo. Lembra que as bases se redactan por técnicos municipais, se someten a informes, e nese caso consulten o expediente e verán que hai un informe da Deputación.

O Sr. Santiago Lema di que a xente válida ten que marchar e só quedan a sometida.

O alcalde continúa coa pregunta dos pagos a unha empresa.

O Sr. Santiago Lema dille que esas preguntas non son de Miguel, son de Raquel, que marchou porque ten que traballar.

O alcalde dille que lle deixe contestar. Di que hai un informe da interventora...

O Sr. Eiroa Ameijenda di que a interventora non explicou nada.

O alcalde dille que as preguntas efectivamente eran de Raquel Fondo. Di se hai algunha pregunta ou algún rogo máis.

O Sr. García Cotelos di que levan dous meses coa fachada da Casa do Concello "feita un cristo", pregunta se non ten 50 euros para a pintura, e califica de "vergonza pública" o seu estado. Pregunta se o vai limpar ou o vai deixar así un par de meses.

A segunda pregunta do G.M. do PP refírese á lei de regula as franxas de xestión de biomasa. Con que calidade moral o concello non limpa as franxas das vías da súa titularidade e lle abre expedientes aos veciños?

A terceira pregunta do G.M. do PP refírese a unhas fotos que enviou o ano pasado dos danos causados por unha empresa madeireira, falou con eles e dixeron que tiñan un aval de 6.000 euros depositados no concello. Pídelle que manteña as pistas arranxadas e se hai danos, ten que reparalos. Por que non se fai eso?

O rogo do G.M. do PP fórmulo a Sra. Carrillo Aguiar, que son dous pero poden unificarse nun: un veciño de Corme négase a cortar as polas que invaden un camiño público, xa hai dous anos e segue nas mesmas,

xunta o cemiterio. E en Xornes xa lle comunicaron ao seu brazo dereito, o empregado Pontedona, que limpase a parroquia enteira, non por zonas. Roga que se arranxen ambos asuntos. Dille que hai máis concellos con áreas de autocaravanas, non é só Ponteceso. Lémbrale que non é o alcalde o eixo do mundo.

O Sr. Miguel A. González pregunta, non sabe se ten que responder o alcalde ou a secretaria, porque non se votan as mocións. A segunda pregunta é onde está o POS anterior, de 940.000 euros, hai obras aínda sen executar dese plan en Bardaio, Tella... Pregunta se están todos executados. Cando o alcalde di que se perderon un millón de euros en obras, con 350.000 euros de remanente de Deputación, nese POS había unha obra de 47.000 euros e o resto gasto corrente. O único responsable de perder tanto o POS como o IDAE é o alcalde, non a oposición.

O Sr. Eiroa Ameijenda pregunta se vai volver mandar á Policía Local estirar as pernas polo momento. A segunda pregunta é que pasa coa promesa electoral da ampliación do campo da festa de Nemeño.

Toma a palabra o non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 22 horas e 24 minutos do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, de todo o que dou fe, como secretaria , asinandoa xunto co Sr. Alcalde.

O Alcalde-Presidente

A secretaria en réxime de acumulación

Asdo.: D. Xosé Lois García Carballido.

Asdo.: D^a. M.^a. Cristina Varela García